

**d) Orzamento máximo do contrato:** Ascende a cantidade de 98.885,00 €, máis o 21% de IVE (20.765,85 €), o que supón un total de 119.650 €, IVE incluído

**6.- Formalización do contrato:** 10 de agosto do 2015

O ALCALDE, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA ( Decreto Alcaldía núm 15005026), Ana Prieto Nieto

R. 3247

---

*Anuncio*

**FORMALIZACION DE CONTRATO**

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

**1.-Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.-Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** Execución dun programa de intervención e pedagóxico denominado: "Aprende xogando"

b) **Prazo de execución:** a duración do contrato será dende a formalización do contrato administrativo ata o 31 de decembro de 2015; que poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes adoptado cunha antelación de un mes á data de finalización e por un período máximo igual ó período de duración inicial deste contrato.

**3.-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimemento:** aberto

**4.-Tipo de licitación.**

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O presuposto máximo do contrato ascende á cantidade de 140.788,48 euros, IVE incluído (10%), durante a primeira anualidade. Ver desglose na cláusula 4ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

**5.- Adxudicación.**

a) **Data:** 08/07/2015

b) **Contratista:** FUNDACIÓN CAMIÑO SOCIAL

c) **Nacionalidade:** Española

d) **Orzamento máximo do contrato:** 115.000 €, IVE incluído

**6.- Data de Formalización:** 10-08-2015

Lugo, 11 de agosto de 2015.- O ALCALDE, P.D.A. TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3248

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de agosto de dous mil quince, adoptou, entre outros, o acordo nº 7/553 relativo a modificación do cadro de persoal eventual do Concello de Lugo a petición do Grupo Municipal Popular, polo que, a través do presente anuncio, procédese a facer público o mencionado acordo, o cal, na súa parte dispositiva, dí o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Proceder á modificación do acordo 3/454 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada e urxente celebrada o día 7 de xullo de 2015, relativo á "Determinación, número e características do Persoal Eventual da Corporación Municipal 2015", no sentido solicitado polo Grupo Municipal Popular, de xeito que a parte dispositiva do citado acordo quedará redactada co seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- A aprobación do seguinte **CADRO DE PERSOAL DE FUNCIONARIOS EVENTUAIS:**